

1.- International Seminar on Multi-State Models (Vigo)

O mércores 26 de marzo de 2014 terá lugar un Seminario Internacional sobre Modelos Multi-Estado (**International Seminar on Multi-State Models**) no Salón de Graos da Facultade de Económicas de Vigo.

A inscrición é gratuíta. Por motivos de organización, é necesario inscribirse enviando, antes do mércores 19 de marzo ás 14:00 horas, un e-mail á dirección maria.tallon@uvigo.es co asunto: Inscrición MSM2014 e indicando nome completo e afiliación (os estudantes do Máster/Doutorado galego en Estatística e Investigación Operativa son especialmente benvidos).

Más información: http://webs.uvigo.es/jacobo/program_MSM2014.htm

2.- Curso de educaBarrié “Enseñando a investigar”

A Fundación Barrié, a través de educaBarrié, organiza o curso *Enseñando a investigar* dirixido a profesorado de Secundaria.

Enseñando a investigar busca fomentar entre o profesorado o uso da investigación como ferramenta educativa. Estruturado en dous bloques formativos, no primeiro bloque os contidos céntranse no desenvolvemento do proxecto de investigación na aula de secundaria e no segundo bloque na presentación do traballo a concursos e feiras científicas para estudantes.

A matrícula é gratuíta e o número de prazas é de 25.

Primeira edición:

- Datas: 24, 25, 31 de marzo e 1 de abril de 2014.
- Horario: de 17:30 a 19:30 horas.
- Lugar: Fundación Barrié, sede de Vigo.

Segunda edición:

- Datas: 12, 13, 19 e 20 de maio de 2014.
- Horario: de 17:30 a 19:30 horas.
- Lugar: Fundación Barrié, sede da Coruña.

Máis información: <http://www.educabarrie.org/gl/agenda#/gl/eventos/ensenando-investigar>

3.- Curso semipresencial de Estatística e Epidemioloxía

A *Escuela Andaluza de Salud Pública* (EASP) convoca un **curso semipresencial de Estatística e Epidemioloxía** dirixido a profesionais sen formación previa en Estatística ou Epidemioloxía, interesados en coñecer e aplicar os métodos cuantitativos máis utilizados no ámbito das ciencias sociais.

- Datas: 21 de abril a 27 de xuño de 2014. Sesións presenciais: 4-6 de xuño e 25-27 de xullo.
- Duración: 60 horas.
- Matrícula: 875 €.
- Preinscrición: ata o 19 de marzo de 2014.

Máis información: <http://www.easp.es/cursos/?idCurso=311301NA14>

4.- Bolsas de investigación

A Deputación da Coruña convoca **18 bolsas** destinadas a titulados universitarios que pretendan facer un traballo de investigación no período 2014-2015 (BOP da Coruña, 3 de marzo). Catro das bolsas son para a área de Ciencias.

Requisitos dos solicitantes:

1. Posuír titulación universitaria (licenciado, diplomado, grado o equivalente) recoñecida oficialmente.
2. Acreditar, como mínimo, un ano de residencia en calquera concello da provincia da Coruña, mediante a presentación dun certificado/volante de empadramento.
3. Non superar os umbrais de renda que se establecen.
4. Non ser titular, no momento no que se produza a adxudicación da bolsa e durante a duración desta, de ningunha outra bolsa de investigación para o mesmo período, aínda que a investigación sexa diferente.

Presentación de solicitudes: ata o 31 de marzo de 2014.

Máis información: http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2014/03/03/2014_0000002266.pdf

Un saúdo,
SGAPEIO
Facultade de Matemáticas
Campus Vida, s/n
15782 Santiago de Compostela
A Coruña (ESPAÑA)
E-mail: secretaria@sgapeio.es
Web: <http://www.sgapeio.es>